

CURSO 2008-2009
TERCEIRA XEIRA DE **MÚSICAS DO MUNDO**
IES SÁNCHEZ CANTÓN
PONTEVEDRA
4º ESO A

1.- **Alejandra** García (11-3-2009)

Grupo: **Iván Ferreiro**

Álbum: **Canciones para el tiempo y la distancia**

Canción: **Turnedo**

Media das notas outorgadas á canción: **7,68**



-**Raquel**: a canción non está nada mal. Iván Ferreiro, en xeral, non me gusta pero teño que recoñecer que a canción non nada mala, para nada.

-**Jacobo**: paréceme moi bonita, sentimental. Un bo ritmo pero sen altos volumes. O cantante cóntanos unha historia de amor.

-**Laura**: gustoume moito a parte final na que é todo música porque é moi relaxante. O resto, dicir que o mozo ten unha voz peculiar e bonita. A canción ten moita letra que seguro ten un significado especial.

2.- **Raquel** Zamorano (23-3-2009)

Grupo: **Aerosmith**

Álbum: **BSO Armageddon**

Canción: **I don't want to miss a thing**

Media das notas outorgadas á canción: **8,33**



-**Sara Tobío**: gústame, é un pouco sentimental e tamén depende do momento no que te encontres de forma sentimental, sentírala diferente.

-**Sara Trabazo**: é un temazo. Ao ler o título e o grupo non me soaba de nada, pero ao poñer a canción xa me decatei de súpeto.

-**Elena**: a canción é un clásico dos que nunca se esquecen e que gustan a todo o mundo, o grupo é moi bo. O mellor do tema é o acompañamento dos instrumentos.

3.- **Lucía** Rodríguez (25-3-2009)

Grupo: **Youth Group**

Álbum: **Casino Twilight Dogs**

Canción: **Forever Young**

Media das notas outorgadas á canción: **8,50**



-Alejandra: este grupo de rock procedente e Australia, formado a finais do 90, deuse a coñecer hai puco con esta gran canción.

-Pedro: Xa escoitara esta canción noutras ocasións e sempre me chamou a atención polos sentimentos que me fai fluír. Música boa e sinxela. Voz bastante bonita. Modelo de música sentimental.

-Sara Astor: gústme moito esta canción, a televisión foi a principal canle que lle deu éxito. É unha canción bastante suave, cun ritmo lento e monótono que premanece ao longo de toda a melodía.

4.- **María** Pérez (15-4-2009)

Grupo: **Vetusta Morla**

Álbum: **Un día en el mundo**

Canción: **Copenhague**

Media das notas outorgadas á canción: **8,60**



-Cristina: é simplemente perfecta, unha das miñas cancións preferidas, a voz da cantante reláxame, é suave.

-Irea: o que máis me gusta deste grupo é que ten unhas cancións con letras complexas que gardan tras elas un trasfondo cheo de significado. É un grupo con moita personalidade, cun estilo propio e orixinal.

-Blanca: é un dos meus grupos favoritos desde o verán pasado, cando o coñecín. É un grupo xenial, cunhas cancións moi melódicas. Para min é a súa mellor canción.

5.- **Sara** Martínez (23-4-2009)

Grupo: La Oreja de Van Gogh

Álbum: **A las cinco en el Astoria**

Canción: Jueves

Media das notas outorgadas á canción: **7,73**



-Alexandra: amosa o amor entre dúas persoas, mais o doloroso é que unha vez que logran ese amor o destino fai un dura xogada... morren xuntos. Encantoume!

-Pablo: é un dos meus grupos favoritos, houbo unha tempada na que só escoitaba música deles. En canto á canción, a verdade é que é moi lenta.

-María Otero: a canción xa a coñecía. É realmente bonita, ademais ao falar do 11m faiche pensar moitas cousas. Como voz prefiro a de Amaia Montero. Con todo gústame.

6.- **Ester** Domínguez (29-4-2009)

Grupo: **El Canto del Loco**

Álbum: **Personas**

Canción: **Peter Pan**

Media das notas outorgadas á canción: **6,93**



-Mar: ao principio gustámbame bastante tanto o grupo como as cancións, mais agora cada vez o escoito menos. Non é das miñas favoritas pero non está mal.

-Bárbara: este grupo nunca me chamou a atención. A miña irmá encántalle, ás miñas amigas gústalles.

-María Pérez: a canción xa a coñecía e é unha das miñas preferidas do grupo. Nela fálase de algo que nos vai ocorrer dentro de pouco ou que xa nos está ocorrendo, que é madurar para ser unha persoa adulta.

7.- **Cristina** Benavente (6-5-2009)

Grupo: **Catpeople**

Álbum: **Reel**

Canción: **Behind**

Media das notas outorgadas á canción: **8,12**



-Lucía: era a primeira vez que escoitara falar deste grupo e que ao chegar á casa non dubidei en entrar no youtube para volvela escoitar.

-Ruth: non é moito o meu estilo pero non me disgustou. Non coñecía a canción nin o grupo nin o álbum.

-Sara Martínez: é a primeira vez que escoito algo deste grupo e non está nada mal. Gústame sobre todo o bo ritmo que ten e a voz do cantante que me impresionou moito

8.- **Irea** Vidal (13-5-2009)

Grupo: **Duncan Dhu**

Álbum: **El grito del tiempo**

Canción: **Esos ojos negros**

Media das notas outorgadas á canción: **6,49**



-Ester: gústame moito esta canción, penso que é moi orixinal. Ten un ton triste aínda que a canción me transmite felicidade e tranquiliade.

-Gonzalo: gustoume a letra, pero é un tema demasiado lento para o meu gusto. Ese ritmo country é interesante, pero se non ten variacións...

-Andrea: non está mal, pero gústame máis cien gaviotas. Esta non termina de convencerme.

GAÑADOR DA TERCEIRA XEIRA DE MÚSICAS DO MUNDO 2008-2009:

María Pérez (15-4-2009)

Grupo: **Vetusta Morla**

Álbum: **Un día en el mundo**

Canción: **Copenhague**

Media das notas outorgadas á canción: **8,60**

Premio honorífico ao último clasificado:

Irea Vidal (13-5-2009)

Grupo: **Duncan Dhu**

Álbum: **El grito del tiempo**

Canción: **Esos ojos negros**

Media das notas outorgadas á canción: **6,49**



FINALÍSIMA DE MÚSICAS DO MUNDO 2008-2009

O mércores 3 de xuño de 2009 celebrouse a finalísima entre as tres gañadoras trimestrais.

Tres alumnos defenderon as candidaturas das favoritas e catro fixeron de avogados do demo criticándoas.

Despois de escoitalas novamente procedeuse a unha votación secreta

O resultado final foi:

-Elena Rey, Grupo: Avenged Sevenfold, Álbum: City of evil
Canción: **Seize the day. Votos: 9**

-Sara Astor, Grupo: Matchbox 20. Álbum: Exile on main mainstream. Canción:
How Far we´ve come, Votos: 10

-María Pérez ,Grupo: Vetusta Morla, Álbum: Un día en el mundo, Canción:
Copenhague. Votos: 5

Polo que **Sara Astor** resultou a gañadora de Músicas do Mundo 2008-2009 en 4º A do IES Sánchez Cantón



E recibiu o premio de mans do Delegado Pedro Estévez